

AS PRIMEIRAS OURENSÁS ANTE O RETO DA EDUCACIÓN UNIVERSITARIA (1900-1940) (II)¹

Rosa María Cid Galante

*Profesora de Historia no I.E.S. Lama das Quendas
(Chantada)*

Resumen:

En el anterior artículo se analizaba el número de inscripciones realizadas por mujeres orensanas durante el primer tercio del siglo XX en la Universidad de Santiago. Ahora, la intención es conocerlas más a fondo (extracción social, procedencia geográfica, grado de éxito en los estudios...). Para ello se hizo un estudio de la documentación que figuraba en los Expedientes Personales.

Abstract:

In the previous article we analysed the number of enrolments of the women of ourense at the university of Santiago During the first tirad of the twentieth century. Now my intention is that of studying their social backeround, their geographical origins, their perfomance, etc.

Therefore, we have revised all the documents in their personal files.

¹ Este artigo é unha continuación do publicado na revista Minius nº XI, pp. 139-155 . Alí valorouse a participación da muller ourensá na Universidade de Santiago en relación co resto das galegas. Para o cal se fixo un baleirado dos Rexistros clasificando ao alumnado feminino por procedencia provincial. Este estudio céntrase no alumnado real e nominal mentres que no anterior tivérase en conta as inscricións totais dando como resultado uns datos inflados porque sempre se podería computar varias veces a mesma alumna. Aproveito a ocasión para comunicar que no artigo citado, por erro de imprenta, non se transcribiron as notas a pé de páxina que no artigo orixinal si figuraban.

INTRODUCCIÓN:

Un dos aspectos máis salientable dos estudos que se fan sobre educación é coñecer aos seus protagonistas fundamentais, os educandos. Para elo nada mellor que acudir a fontes de primeiro orde como son os Expedientes Académicos. A través deles podemos saber a procedencia natural, condición socioeconómica, ano de nacemento, ano de ingreso, cursos realizados, cualificacións obtidas, consecución do título, etc, dos matriculados. Este tan variado conxunto de datos vannos permitir achegarnos ao perfil do alumnado dunha determinada época².

Por tal motivo, sabendo que a comezos de século XX o nivel educativo onde non estaba previsto a afluencia das mulleres era o Universitario, nada pode resultar máis atractivo que ir coñecendo a aquelas que foron incorporándose salvando unha gran serie de obstáculos.

ESTUDIO SOBRE AS ALUMNAS OURENSÁS QUE ACCEDEN Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

1.-Nivel socioeconómico:

Interézanos saber cal era a extracción social das primeiras universitarias pero previamente analicemos a situación económica da provincia.

A economía ourensá neste primeiro tercio de século continuaba presentando o mesmo panorama que a época precedente. Daquela a poboación activa era un 44,6%, do que un 82,2% dedicábase fundamentalmente ao sector primario, un 5,9% ao secundario e un 11,8% ao terciario³. Isto reflicte unha economía case autárquica baseada na agricultura.

² A investigación que estou a realizar céntrase principalmente no primeiro tercio de século XX, tal como se fixera no anterior artigo, pero ao constar so 39 expedientes e tendo referencia dun gran número de ourensás que estudiaaron no Instituto Otero Pedrayo facendo finalmente os trámites administrativos para acceder á Universidade uns anos despois de 1930 quixen ampliar este estudio ate 1940 para contar cun maior provisión de información. Conforman un total de 89 mulleres pero os expedientes de 21 delas non figuraba nos arquivos.

³ BANDE RODRÍGUEZ, Enrique e MADARNÁS, A. V., *Ourense no século XIX*, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 1995, p. 12. Para coñecer o ambiente ourensá do século XIX vid: OTERO PEDRAYO, Ramón, "Paisajes, formas y ritmos de vida del Orense decimonónico", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXIII, 1968, fasc. 70; "Orense y las tierras ourensanas en el siglo XIX" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, nº 43, Madrid.

No primeiro tercio de século a penas se producirán modificacións importantes. A poboación activa experimenta leves aumentos e descenso, probablemente motivados pola emigración, e a actividade predominante continuaba sendo a agricultura.

(Fig.1)

A poboación vai estruturarse en diferentes categorías laborais das cales a maioría estaban englobadas na actividade agrícola como son rendeiros, xornaleiros, campesiños, propietarios... Tamén destacar o grupo artesanal e industrial como o téxtil, madeireiro, metalúrxico, curtidos... do que formarían parte os asalariados e certos obreiros industriais e/ou proletarios. E, por último, o sector servicios ligados á empresa e ó comercio (comerciantes agrícolas, de alimentación, louza, ferraxería...), profesións liberais (avogados, notarios, procuradores...), a Administración, onde destacarían os empregados e funcionarios que conforman o grupo de asalariados. Esta estrutura profesional manterase case sen cambios ata moi avanzado o século XX⁴.

(Fig.2)

⁴ Vid: Sobre este tema pode recurrirse, entre outros, a: RODRÍGUEZ TEIJEIRO, Domingo, “O Ourense Contemporáneo”, *Historia de Ourense*, Vía Láctea, A Coruña, 1996 pp. 282-286; RIVAS VILLANUEVA, Luis, *Do posío os Remedios: un paseo histórico pola rúa do Progreso*, Colección: As Barxas, La Región, Ourense, 1989, p. 18; GONZÁLEZ, María Teresa, *Evolución demográfica de la provincia de Orense, 1900-1970*, Facultad de Filosofía e Letras, Santiago de Compostela, 1975; CARBALLO-CALERO RAMOS, M^aVictoria, *La transformación de una ciudad. Ourense 1880-1936*, Concello de Ourense, Ourense, 1995; VALCÁRCEL, Marcos, *A cidade da Xeración Nós*, Caixa Galicia, Ourense, 1995; BENSO CALVO, Carmen, “La condición sociolaboral y educativa de la mujer ourensana en el primer tercio del siglo XX (1900-1930)”, *Minius*, IV, 1995, p. 154; “Los inicios de la crisis del bachillerato tradicional en Galicia (1900-1930)”, *Historia educación*, 17, 1998, pp.130-131.

Outros documentos que nos debuxan o panorama da provincia no século XIX e XX son: ADRIO, José, *Del Orense antiguo. 1830-1900*, La Popular, Ourense, 1935; RISCO, Vicente, *Geografía del Reino de Galicia: Provincia de Orense*, (dir: F. CARRERAS Y CANDI), Vol. XI, Tomo 2, Ediciones Gallegas, S.A., La Coruña, 1980; OTERO PEDRAYO, R., *Guía de Galicia*, Espasa Calpe, 1926; PASCUAL CARBALLO, Alberto, *Mas de cien años en la vida de Ourense. Escuela Provincial de Artes y Oficios*, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 1996.

Figura 1. Porcentaxe de poboación activa en Ourense (1900-1930)

	1900	1910	1920	1930
Homes	31,59%	29,42%	27,44%	29,76%
Mulleres	18,52%	9,7%	5,99%	10,74%
Total	50,10%	39,12%	33,43%	40,50%
Galicia	50,2%	43,97%	39,33%	40,99%

(FONTE: Elaboración propia a partir dos Censos de Poboación correspondentes aos anos 1900, 1910, 1920 e 1930, MINISTERIO DE INSTRUCCIÓN PÚBLICA Y BELLAS ARTES, Censo de la población de España de 1900, Tomos I-II-III-IV. Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, Madrid, 1902; Censo de la población de España de 1910 según el empadronamiento hecho en la península y adyacentes el 31 de Diciembre de 1910. Tomos I-II-III-IV, Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico. Madrid, 1913; Censo de la población de España de 1920 según el empadronamiento hecho en la península e islas adyacentes el 31 de Diciembre de 1920. Tomos I-II-III-IV. Dirección General de Estadística. Madrid, 1924, Censo de la población de España de 1930. Tomos I-II-III-IV. Dirección General de Estadística. Madrid, 1931)

Figura 2. Distribución da poboación ourensá por categorías laborais (1900-1930)

	1900				1930			
	Capital		Total da provincia		Capital		Total da provincia	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Agricultores, gandeiros, pescadores	25,8%	8,6%	60,05%	31,24%	15,79%	0,55%	52,78%	17,44%
Mineiros, canteiros	0,02%		0,006%		1,41%	-	1,13%	-
Industriais: textis, alimenticios(pana Deiros aceites, muñeiros, viños...), metalúxicos, coiro, madeira, fundicións,	14,59%	6,32%	2,79%	1,02%	12,31%	2,29%	7,3%	1,7%
Transportistas por ríos, camiños, pontes e rúas.	0,44%	0,86%	0,18%	0,04%	2,16%	0,06%	0,75%	0,01%
Comerciantes Hosteleiros	5,69%	0,88%	0,73%	0,14%	9,9%	1,08%	2,15%	0,26%
Exército	3,7	-	0,44%	-	6,2%	-	0,65%	-
Administración Pública	2,3%		0,22%	-	3%	0,09%	0,36%	0,006%
Culto católico Servintes do culto	1,54%	0,65%	0,63%	0,043%	0,77%	0,7%	0,47%	0,34%
Xulces Médicos docentes Literatos Copistas e tradutores Arquitectos e enxeñeiros Artistas Traballadores do espectáculo	3,97%	0,86%	0,71%	0,15%	3,96%	1,22%	1%	0,34%
Retirados	1,2%	0,44%	0,14%	0,026%	1,99%	0,49%	2,41%	0,73%
Servicio doméstico	1,26%	8,4%	0,54%	1,81%	0,48%	7,26%	0,25%	1,37%
Estudantes	18,6%	10,85%	11,94%	8,5%	22,5%	16,46%	18%	13,8%
Sen ocupación e desamparados	0,87%	2,5%	0,43%	0,52%	3,3%	1,8%	0,76%	0,27%
Nenos sen profesións por cuestións da súa idade*	16,7%	15,06%	20,49%	18,6%	14,5%	11,8%	15,77%	13,6%
Traballo Doméstico	0,15%	44,24%	0,54%	37,82%		56,03%	-	55,62%

(FONTE: Elaboración propia a partir dos Censos de poboación citados na figura 1)

A capital conferirase como un núcleo de atracción de poboación e dinamizador social por ser centro administrativo, comercial e en menor medida industrial. Nembargantes, aínda a realidade laboral do Ourense provincial non estaba a participar do proceso modernizador das sociedades urbanas como acontecía noutros lugares de Galicia⁵.

E de todo este abano social ¿qué grupos son os primeiros que deixan a súa pegada nos estudos universitarios?. Isaura Varela no seu estudio sobre a Universidade de Santiago apuntaba que entorno ao 39% do alumnado eran fillos de pais con profesións liberais. Seguíanlle a estes os funcionarios que, pasando do 17% en 1900 ao 14% en 1930, mantiñan a súa presenza con certa notoriedade. E namentres estes grupos permaneceron de forma destacada durante os tres decenios de século, as restantes categorías como propietarios, labradores, comerciantes, etc., van sufrir importantes variacións. Por exemplo os propietarios, que nos dous primeiros decenios de século viñan tendo certa notoriedade, en torno ao 18%, descenden no terceiro decenio a un 10%. As razóns ben puideran estar en que esta categoría, difícil de determinar e precisar, comeza a ser menos mencionada nos rexistros, ou porque cae progresivamente en desuso ou porque se está operando un proceso de transformación social⁶. Pola contra, os fillos de comerciantes dun 7% pasan ao 10,8% e os dos industriais que, nun primeiro momento non teñen presenza na Universidade, pasan a representar o 3,9%⁷. Isto parece ser un reflexo da transformación social que se está a producir en Galicia, isto é, uns grupos xorden e se consolidan substituíndo a outros. Finalmente eran moi escasas as matrículas dos descendentes de labregos.

⁵ Para unha revisión á situación de Galicia, ver entre outros: BEIRAS TORRADO, X.M. , *O atraso económico de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1972; LOPEZ TABOADA, X.A., *Economía e poboación en Galicia*, A Coruña, Rueda, 1979; VILLARES PAZ, Ramón, *A historia*, Galaxia, Vigo, 1986. p. 282; *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*, Siglo XXI, Madrid, 1982.

⁶ Para Isaura Valera a categoría de propietarios aludía a grupos de campesiños favorecidos e/ou donos de terras, Vid: VARELA, Isaura, *La Universidad de Santiago, 1900-1936*. Reforma universitaria y conflicto estudiantil, Edicións do Castro, A Coruña, 1989, pp. 190.

Aínda así, é difícil de precisar o grao de posesión ou as relacións que se puideran establecer a raíz das propiedades, así como o nivel económico propiamente dito. Segundo podemos comprobar, nos expedientes personales cada vez son menos as mencións que se fan deles cicais debido a que esta acepción comeza a caer en desuso en beneficio doutras.

⁷ Vid: VARELA, Isaura, *La Universidad de Santiago... Op. cit.*, (not.6)


Ante este panorama pasemos a analizar o nivel socioeconómico das mulleres ourensás que cursarán estudos universitarios. Tomando como referencia a partida de nacemento onde consta a profesión dos pais establécense as categorías seguintes: comerciantes, profesións liberais (médicos, avogados, procuradores, veterinarios, farmacéuticos...), funcionarios-emplegados, labregos, propietarios, militares, artesáns e militares. Todos eles conforman un abano social bastante heteroxéneo, Tendo en conta o volume de inscricións pódese saber o grupo social que tende a sobresaír dentro da Universidade.

(Fig.3)

O gráfico indica que o 25% das universitarias ourensás proceden de pais empregados e funcionarios, que son as categorías en auge na provincia e capital debido ó desenrolo comercial e administrativo deste momento. Seguidamente están as fillas de proxenitores de ocupación liberal cun 21%, comerciantes e propietarios co 15% respectivamente e, finalmente, o grupo dos artesáns, labradores, militares e industriais veñen a ter unha mínima representatividade. Todo parece indicar que a universidade se nutre daquelas profesións que teñen solvencia económica e un alto grao cultural, a diferencia da gran maioría da poboación ourensá⁸. Podemos pensar que buscan manterse no escala social

⁸ Un factor directamente influente no ánimo para ir incorporándose a poboación á Universidade é a situación cultural da provincia. En liñas xerais podemos indicar que arrincando o século a educación partía dunha situación precaria e moi deficiente pois carecía dos medios e infraestructuras adecuadas. Isto unido á apatía social e política do momento daba como resultado un nivel educativo baixo. Anque si podemos indicar melloras apreciables nun interés por crear unha rede escolar máis densa que combateu unhas taxas porcentuais de analfabetismo alto, prevalecía un ambiente de pouco fervor cultural que ameazaba maiormente ás mulleres. Por tal motivo, poucos son os que acadan unha cultura superior quedando a maioría cun mero verniz cultural. Vid entre outros: MORENO LÓPEZ, Eduardo, *Medios prácticos para difundir la cultura en la provincia de Orense*, Trabajo premiado en los Juegos Florales de Junio de 1906, Barcelona, Tipografía “El Anuario de la Exportación”, 1908; BENSO CALVO, Carmen, “Los inicios de la crisis del bachillerato tradicional ...*Op.cit.* (not.4)”, «Los destinatarios del bachillerato en Galicia. Estudio geográfico y social del alumnado orensano (1850-1910)», *Revista de Educación*, nº 305, 1994; “La Educación Popular en la obra de Eduardo Moreno López”, *Sarmiento, Anuario Galego de Historia da Educación*, Nº 3, Servicio de Publicacións das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, 1999; “La mujer en el discurso del catolicismo. Análisis de “La Región”, Diario local Orensano de orientación católica e información general. 1921-1923”, *VI Coloquio de Historia de la Educación: Mujer y Educación en España: 1868-1975*, Departamento de Teoría e Historia de la Universidad de Santiago, Santiago, 1990; “Mujer y prensa agraria en Galicia. Análisis de “la Zarpa”, el diario de los agrarios gallegos (1921-1924)”, *VI Coloquio de Historia de la Educación: Mujer y Educación en España: 1868-1975*, Departamento de Teoría e Historia de la Universidad de Santiago, Santiago, 1990; “Educación y sociedad en Orense a mediados del siglo XIX. La puesta en marcha del nuevo Instituto Provincial”, *Historia de la Educación*, nº 9, pp. 197-217; CID FERNÁNDEZ, X.M., *Apuntes da nosa historia escolar. No oitenta aniversario de creación da Escola Laica Neutral*, Ourense, concello de Ourense, 1989; VALÍN FERNÁNDEZ, Alberto J.V., *Laicismo, Educación y Represión en la España del siglo XX. (Ourense, 1909-1936/39)*, Coruña, 1993.

Figura 3. Nivel socioeconómico das mulleres ourensás universitarias segundo a profesión dos pais (%)



(FONTE: Elaboración propia a partir dos Expedientes Académicos. A.H.U.S., *Expedientes personales*, cartapacios nº 1, 20, 26, 29, 48, 57, 70, 80, 88, 89, 146, 151, 183, 224, 238, 251, 303, 325, 377, 382, 384, 391, 429, 460, 465, 512, 519, 532, 553, 557, 563, 568, 579, 604, 678, 714, 750, 759, 832, 983, 994, 1037, 1044, 1055, 1067, 1072, 1119, 1133, 1134, 1173, 1180, 1224, 1230, 1246, 1248, 1272, 1285, 1380, 1435, 1495)

ou que son menos reflectarios ás novas correntes de opinión que empezan a defender o dereito da muller a realizar estudos universitarios e exercer unha profesión.

Vexamos agora como se suceden estas clases sociais ao longo dos anos. A figura 4 amosa unha traxectoria semellante á que nos indicaba Isaura Varela. O volume de propietarios descende, como tamén acusan esta tendencia os de profesións liberais e funcionarios, e aumentan os comerciantes, os industriais e os labradores. Todo parece indicar que se inicia un relevo entre as clases sociais. Non cabe dúbida que os comerciantes e industriais comezaban a ter certa relevancia na capital e na provincia conforme pasan os anos. As fillas de labradores proceden a incorporarse de forma incipiente o que, de seguir esta traxectoria, podería pensarse na expansión da Universidade a sectores sociais máis deprimidos⁹.

⁹ Non se descarta que a Universidade comece a notar indicios de relevo social rompendo a tendencia de ser para os grupos de elite. Dito fenómeno comeza tamén a ser apreciado no Ensino Medio onde as capas sociais de clase media suplantan aos tradicionais grupos que viñan demandando estes estudos como distintivo social: Vid: BENSO CALVO, Carmen, "Los inicios de la crisis del bachillerato tradicional ...*Op.cit.* (not.4) , «Los destinatarios del bachillerato en Galicia. Estudio geográfico y social del alumnado ourensano (1850-1910), *Revista de Educación*, nº 305, 1994, pp. 338-340.

(Fig.4)

Pero de momento, e aínda a pesares da tendencia social que comeza a apreciarse, a Universidade confirmase como o reducto para as capas máis privilexiadas. Resta dicir que estamos ante un fenómeno urbano porque é onde se aprecian os incipientes fluxos de modernidade que circulaban a través da prensa e grupos de intelectuais, políticos, etc.

Para un estudio sociolóxico do alumnado feminino ourensá establecemos unha relación entre as categorías sociais e outras variables como son: procedencia, cursos realizados, idade de ingreso, etc., amosada na figura 5. A ela faremos referencia ao longo deste artigo para saber se existían entre elas diferencias de comportamento.

(Fig.5)

Figura 4. Profesións dos pais que constan por decenios nos Expedientes das alumnas ourensás da Universidade de Santiago. 1900-1940

	1910-1920	1921-1930	1931-1940
Liberais		7	3
Propietarios		5	2
Labradores	1		3
Funcionarios-empregados	1	7	4
Comerciantes		2	4
Industriais			3
Militares		2	
Artesáns		2	1
Non consta	3	6	11

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Figura 5. Relación entre o nivel socioeconómico das universitarias ourensás coa procedencia e nivel de éxito (%)

	Quén	Ponduras			Quers realizados	Calificacións obtidas			Títulos/Certificados			Facultade			Idade													
		Riba	Preto	Outro		Suspensio.	Aprobado.	Ben	Notable.	Sobresaliente.	Título	Certificado.	Nada	Dereito	Farmacía	Filosofía	Ciencias	Medicina	14-16	17-20	+20							
Agustiano	Libre	375	26	285	117	333	20	166		375	66	14		272	909		103		30		157	111	333		333	16	71	
Liberal	Oficial	125	368	571	176	333	40	166		125	266	28		909	333		103		30		2105	277		20		28	357	
Comunio	Comb	125	131		176	333			40	125	266	47		1818	333	909		285	10	100	105	166	166		166	12	71	
Impregado	Capital	125	157		294		20	166		125	333	19		136	333		275		10		52	333	333	60	333	20	214	
Universario	Vila																											
Alsean	Lonxe		26	142	117			166			66	95		909		909	68	142			105		166			8	71	
Laradr	Preto	125	131			20				125		47		909		20	34	142	10		105	55		20		4	142	
Xendado	Outro																											
Millar	1-2																											
	3-4																											
	5-6																											
	Suspensio.																											
	Aprobado.																											
	Ben																											
	Notable.																											
	Sobresaliente.																											
	Título																											
	Certificado.																											
	Nada																											
	Dereito																											
	Farmacía																											
	Filosofía																											
	Ciencias																											
	Medicina																											
	14-16																											
	17-20																											
	+20																											
Total	Libre	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
	Oficial	125	52		58		166	20	125		95		525		909		68		10		105	55				8	71	

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

2.-Anos de ingreso na Universidade:

A sociedade desta época avogaba pola muller dentro do ámbito doméstico polo tanto era renitente á incorporación desta a unha educación media e superior¹⁰. Haberá que agardar ao período liberal para que se lexisle en 1910 o dereito da muller a facer estudos universitarios. A partir de entón, observaranse dous fenómenos, primeiro, que a incorporación da muller á Universidade será bastante lenta e gradual a partir de 1915 e, segundo, o seu acceso circunscribírase a determinadas carreiras que se consideraban máis propias para o seu sexo¹¹.

Por todo elo, será no segundo decenio cando comecen a rexistrarse as primeiras mulleres pero neste período suporán simplemente o 8% do total das matriculadas. No terceiro decenio fano o 48% e a partir de 1931 o 44%.

(Fig.6)

A figura 7 amosa cales foron as facultades que recibiron as primeiras mulleres universitarias:

(Fig.7)


As pioneiras en embarcarse nos estudos universitarios son dúas ourensás que en 1913-1914 matricularanse na Facultade de Medicina na especialidade de Matrona¹². Na carreira propiamente dita temos a primeira matriculada en 1919.

¹⁰ Vid. BARRERA PEÑA, María Luisa e LÓPEZ PEÑA, Ana, *Sociología de la mujer en la Universidad : Análisis histórico comparativo Galicia-España 1900-1981*, Dirección de Miguel Cancio, Universidad de Santiago, Monografías de la Universidad de Santiago, nº 92, Santiago, 1983; FLECHA GARCIA, Consuelo, *Las primeras Universitarias en España, 1872-1910*, Narcea, Madrid, 1996, p.94.

¹¹ No anterior artigo publicado na revista *Miniús*, nº XI, reflectíase a incorporación das mulleres por provincias aos estudos universitarios a partir de 1900, alí constatábase que dito acceso facíase a mediados do segundo decenio, CID GALANTE, Rosa María, “As primeiras ourensás ante o reto da Educación Universtiaria. 1900-1930”(I), *Revista Miniús*, nº XI, 2003, pp. 139-155. Outros estudos que aportan datos cuantitativos de rexistros de matrícula sobre a Universidade de Santiago son: BARRERA PEÑA, María Luisa e LÓPEZ PEÑA, Ana, *Sociología de la mujer en la Universidad ... Op.cit.*, (not 10) VARELA, Isaura, *La universidad de Santiago....Op.cit* (not. 6)

¹² Estamos a falar das primeiras mulleres ourensás que acceden a unha facultade en Santiago.

Figura 6. -Porcentaxe de matriculadas na Universidade de Santiago por decenios. (1900-1940).



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Figura 7. Ano de ingreso das alumnas orensás por facultades. (1900-1940) (%)

	1914	1915	1916	1917	1918	1919	1920	1921	1922	1923	1924	1925	1926	1927	1928	1929	1930	+1930
Ciencias										14,2	28,5		28,5	28,5				
Filosofía												4,7	23,8	4,7		9,4		57,1
Farmacía				6,8						6,8			24,1		3,4			55,1
Medicina	22,2*					11,1	11,1		11,1	11,1		11,1		11,1				
Dereito																		100

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3. A porcentaxe con asterisco refírese ás dúas alumnas que se matriculan na especialidade de Matrona)

A de Farmacia e Ciencias reciben as primeiras ourensás en 1917-1918 pero logo hai un baleiro ata 1923 ano no que comeza o maior fluxo¹³.

As facultades de Filosofía e Dereito serán as opcións máis tardías, non aparecerán estudantes ourensás ata 1926 e 1932 respectivamente¹⁴.

As poucas que acceden á universidade entre 1910 e 1920 son fillas de labradore e/ou funcionarios. Pero en 1921, cando se produce unha maior afluencia, os grupos sociais destacados son as profesións liberais e funcionarios/empregados. Representan as categorías máis acomodadas e cun nivel cultural elevado tras ter pasado pola Universidade.

3.-Procedencia xeográfica:

O fenómeno universitario soe ser fundamentalmente urbano porque é neste onde soen producirse os primeiros resortes en apoio a un cambio na consideración da muller. Pero a procedencia das matriculadas é diversa podendo establecerse as seguintes entidades xeográficas: capital, vila, pobo, (estes á súa vez clasificados en dous grupos: os que quedan preto á capital e os afastados). De novo voltan a ser os Expedientes os que nos dean esta información.

.A figura 8 permite facer as seguintes valoracións:

(Fig.8)

As ourensás inscritas procedían o 29% da capital, fillas de aqueles que exercían nela a profesión liberal, comerciante, funcionario, empregado..., e xunto ó 19% das vilas da provincia máis salientables, especialmente cabezas de Partidos como Bande, Ribadavia, Carballiño, Verín e Trives, chegan a acadar case o 50%. Nestes ámbitos xeográficos, urbano e semiurbano, é onde está eclosionando un conxunto de oficios e profesións que dinamizan


¹³ Constatouse un traspase de matriculadas dende a Facultade de Ciencias á de Farmacia e Medicina, parece ser que algunhas comezaban os estudos nunha carreira para trasladarse a súa afin, iso dá lugar a que exista unha lixeira diferenza entre os Rexistros e os Expedientes, de tal xeito que nos Rexistros de Ciencias consta unha alumna, Carmen Legido Pascual, de Ourense no curso 1917, nembargantes nos Expedientes figura na facultade de Farmacia. Non é o único caso, pois Olimpia Valencia realiza a inscrición na Facultade de Ciencias para posteriormente estudar Medicina. Con isto queremos dicir que unha cousa é o Rexistro de Matrícula, que non deixa de ser unha mera inscrición, motivo polo cal atopamos varias mulleres en varias facultades afíns, e outra son os Expedientes.

¹⁴ Para coñecer como se foron incorporando as universitarias das demais provincias ver artigo publicado na revista Minius, nº XI .

tanto a economía como a sociedade. Do mundo rural son naturais o 39%, principalmente oriúndas dos núcleos pretos á capital e de procedencia social heteroxénea, principalmente propietarios, avogados, médicos, empregados, artesáns, industriais e militares. Son menos as que proceden de pobos afastados e son fillas de propietarios e sobre todo labradores¹⁵.


Neste estudo tamén constamos un 13 % de mulleres procedentes doutra provincia galega e do resto de España. A razón da súa inclusión está en que realizaron os estudos de bacharelato no Instituto Otero Pedrayo¹⁶.

Figura 8.- Procedencia xeográfica das universitarias ourensás en Santiago. (1900-1940)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Figura 9. Procedencia das mulleres ourensás universitarias por partidos xudiciais (1900-1940) (%)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

¹⁵ Os pobos que máis se mencionan son: Trado, Toén, Gomesende, O Irixo, Petín, Dacón, San Ciprián, Pazos, Cristosende, Canedo, Albarellos, Baltar, Regodeigón, Piñor de Barbadás, Boborás, etc.

¹⁶ O aporte de alumnado feminino ligado a Ourense pero procedentes de Galicia son naturais de Sarriá, Vilagarcía, A Coruña e Pontevedra. As do Estado soen ser orixinarias de Xixón e Alcañices

(Fig.9)

A figura 9 amosa a procedencia das universitarias por Partidos Xudiciais. De todos eles é o de Ourense o que fai unha maior achega cun 45%. O 55% restante repártense entre os dez restantes con a penas diferencias, destacando levemente Bande, Verín e Carballiño de onde son o 11% e o 9% respectivamente das universitarias. Os demais a penas teñen representatividade , entre o 4% e 5% do Partido de Trives, Allariz, Celanova, O Barco e Celanova, e o 2% de Xinzo e Ribadavia. Folga dicir, polo tanto, que o fenómeno Universitario circunscribíase á capital e arredores sendo para a gran maioría da provincia un mero feito illado e circunstancial.

Vexamos a procedencia por facultades na figura 10:

(Fig. 10)

A facultade de Ciencias conta cun maior aporte de mulleres da capital pola contra en Farmacia e Medicina (sobre todo na especialidade de matrona) a procedencia é rural e na de Filosofía e Letras están equiparadas as dun e outro ámbito.

Figura 10-Procedencia xeográfica das universitarias nas distintas facultades de Santiago. (1900-1940) (%)

	Capital	Vila	Pobo	Galicia	España	Estranxeiro
Ciencias	62,5		25		12,5	
Filosofía	36,36	18,18	36,36	9,09		
Farmacia	13,7	27,5	41,3	6,8	6,8	3,4
Medicina	22,2	22,2	44,4	11,1		
Dereito				100		

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

4-A elección dos estudos:

Temos que pensar que as mulleres que accedían á Universidade tiñan restrinxido o abano de estudos ao considerarse pernicioso que se lle permitira o acceso a toda clase de carreiras. Isto motivaría que houbera unha inclinación por aquelas que exaltarán as calidades “femininas”, entendendo por estas todos os estudos que dalgún xeito non incurría nunha subversión da súa condición. Son polo tanto as facultades de Farmacia, Filosofía e Letras, Ciencias, Medicina e Dereito, xunto cos estudos de Maxisterio, as que contarán con maior presenza feminina¹⁸. No Congreso Pedagóxico Hispano-Portugués-Americano de 1892, unha vez debatido o tema, concíbese necesaria a apertura de todas as carreiras e especialidades ás mulleres, incluída a de medicina e avogacía, estudos que tradicionalmente víanse inadecuados para ser desempeñados por estas¹⁹. En medicina estimábase oportuno que os estudos de matrona recaeran nas mulleres pero non se admitía a de cirurxiá. Será en 1882 cando en España se produzan as primeiras licenciadas en medicina²⁰. En canto ao exercicio da avogacía foi impedido á muller na época de Afonso X porque non se consideraba honesto que a muller fixera traballos propios de varón nin capacitada para dirimir contendas²¹. Salvados os inconvenientes legais algunhas accederán a estes estudos pero de forma pouco significativa porque a pegada tradicional exerce aínda un gran influxo. Tan so o 1% fai Dereito e entre un 12% e 13% decántanse por Ciencias e Medicina respectivamente. Nembargantes un 32% diríxense a Filosofía e un 42% a Farmacia.

¹⁷ Este tema xa foi abordado no artigo anterior publicado na Revista Minius nº XI.

¹⁸ Neste estudio non se fai referencia ás alumnas que estudaron Maxisterio pero non cabe dúbida que é unha das carreiras máis demandadas polas mulleres.

¹⁹ CAPEL MARTINEZ, Rosa María, “La apertura del horizonte cultural femenino: Fernando Castro y los Congresos Pedagógicos del siglo XIX”, *Mujer y sociedad en España (1700-1975)*, Ministerio de Cultura. Estudios sobre la mujer, Madrid, 1986, p. 135.

²⁰ Para profundizar máis sobre a incorporación da muller aos estudos de medicina vid: ALVAREZ RICART, M. del Carmen, *La mujer como profesional de la medicina en la España del siglo XIX*, Ed: Anthropos, Barcelona, 1988.

²¹ Parece ser que os antigos sabios mantiñan que a muller non podía defender a outro porque estas tenden a perder a vergonza, din cousas moi fortes e é desagradable discutir con elas. A esta conclusión chegaron os sabios porque unha muller intelixente chamada Calpurnia era tan desvergoñada que anoxaba aos xuíces coas súas voces e estes non podían con ela. Esta argumentación serviu para que en época de Alfonso X se sinalara na partida 3º da lei 3, Título VI a prohibición do acceso da muller á avogacía. Vid: BARRERA PEÑA, María Luisa, LOPEZ PEÑA, Ana, *Sociología de la mujer en la universidad...Op.cit.* (not.10), p. 98.

(fig. 11)

Na facultade de Medicina computáronse 9 mulleres, destas o 55,5% encamiñáronse aos estudos de matrona, entre as primeiras están Peregrina Pousa Álvarez, nacida en 1877 en Regodeigón (Ribadavia) que ingresa aos 37 anos escollendo a opción libre e obtén a máxima cualificación²². A outra é M^a Nieves Fernández Cruz, nacida en 1892 en O Barco que ingresa aos 22 anos. Realizará os estudos por libre e obtén a cualificación de sobresaliente²³.

Nos estudos propiamente médicos destacan Olimpia Valencia que realiza os estudos no Instituto de Pontevedra e ingresa en Medicina en 1919, con 21 anos. Nacida en 1896 en Baltar, de pais labradores, realiza parte dos estudos para solicitar Certificado a Madrid²⁴. En 1920 vai ser Luísa Fernández Cascallar a que acceda á medicina. Nacida en Pontevedra en 1902, filla dun posible comerciante pois é inscrita no Rexistro Civil por un empregado, cursará estudos no Instituto Otero Pedrayo onde ingresou en 1916 á idade dos 16 anos para realizar catro cursos e posteriormente trasladarse ao Instituto de Pontevedra. En Santiago realiza a carreira por oficial e acada a titulación coa máxima cualificación²⁵. En 1922 ingresa aos 17 anos M^a Paz Parada Pumar²⁶, natural de Canedo (Ourense). Nacida en 1905 de pai veterinario, ingresa en 1915 aos 10 anos no Instituto Otero Pedrayo onde cursa os seis de bacharelato e obtén o título coa nota media de notable. Matricúlase en Medicina en Santiago onde realiza tres cursos e obtén de nota media sobresaliente. Finalmente solicita un certificado a Madrid²⁷.

(fig. 12)

²² A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 1.119

²³ A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 384


²⁴ A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 1.495

²⁵ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 352/3, A.H.U.S., *Expedientes Personales*, Cartapacio nº 382.

²⁶ Tiven ocasión de facer unha pequena entrevista a Par Parada Pumar que reside en Ourense coa súa filla. O seu estado de saúde é delicado pero gracias á súa filla puido facer memoria da súa infancia. Contoume que quedara sen nai sendo ela moi nena e eran seis irmáns. Animouna a facer a carreira de Medicina un profesor do Instituto que falou co pai para informarlle que ela tiña posibilidades de licenciarse realizando estudos de Ciencias e Medicina. E así foi, trasladouse a Santiago, decantándose pola carreira de medicina, cursou tres anos e marchou a Madrid onde chegou a coincidir con Severo Ochoa. Conseguiu ser unha das primeiras tituladas en medicina xunto con Olimpia Valencia.

²⁷ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 244 e A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 994.

Figura 11. Elección das carreiras por parte das universitarias ourensás de Santiago.
(1900-1940) (%)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3.)

Figura 12.- Fotografía de Dona Paz Parada Pumar. Licenciada en Medicina en 1929.



(FONTE: Fotografía cedida por Dona Inés Freijanes, filla de Paz Parada Pumar)

Na facultade de Farmacia será no curso 1917-1918 cando se matriculen as primeiras ourensás. Unha delas é Carmen Legido Pascual, nacida en 1898 en Villarcayo, Burgos pero que estudiou no Instituto Otero Pedrayo todos os cursos ata conseguir, coa nota media de aprobado, o Título de Bacharelato. Ingresa na facultade aos 19 anos obtendo a titulación coa cualificación de notable despois de cursar os cinco anos por oficial²⁸. Tamén o fai Eugenia Pereira Rodríguez, natural de Carballiño, nacida en 1895 e de pai labrador. Realiza por libre tres cursos de bacharelato no Instituto Otero Pedrayo onde obtén de media notable e o título de elemental, solicita logo un certificado para a Universidade de Santiago onde cursará a carreira de farmacia combinando a opción libre e oficial e, coa nota media de notable, licénciase en 1923²⁹. En 1923 figura Matilde Docampo Castrillejo, nacida en 1904 en San Ciprián e filla de un capitán de infantaría. Estudia no Instituto onde ingresa no 1919 con 15 anos e obtén un aprobado. En 1923 xa consta en Santiago permanecendo ata 1928 cando se licencia coa nota de aprobado³⁰.

En Dereito matricúlase M^a Esclavitud Abab Ameijeiras, natural de Vilagarcía de pai comerciante. Incorpórase neste estudio porque estivo vinculada á provincia de Ourense estudiando no Instituto en 1926 para trasladarse ao Instituto de Pontevedra. Incorpórase en 1931 á facultade de Dereito por oficial onde se licencia coa nota de Ben³¹.

Na facultade de Filosofía e Letras rexístranse as primeiras mulleres ourensás de forma tardía pois non será ata 1925 cando se fagan as primeiras inscricións. Farao neste ano Celsa Ferrín Moreiras natural de Ourense e filla de mestres. Estudia o bacharelato primeiro no Instituto da provincia e logo pide traslado a un de Santiago. Matricúlase en Filosofía onde se licencia cun notable de media³². En 1926 figuran dúas irmás, Isolina e Remedios Álvarez Álvarez, fillas de médico e naturais de Trado. Unha nacida en 1907 e a outra en 1908 que fan o bacharelato no Instituto Otero Pedrayo ingresando en 1921 e 1922

²⁸ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixas 198-214/3; A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 678.

²⁹ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixas 244-268; A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 1.044.

³⁰ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 352/2. A.H.U.S., *Expedientes personales*, Cartapacio 325.

³¹ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 390/1, A.H.U.S., *Expedientes Personales*, cartapacio 1.

³² ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 352/3. A.H.U.S., *Expedientes Personales*, Cartapacio 429.

³³ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 390/1 sig.1,2-22. A.H.U.S., *Expedientes personales*, Cartapacio 29.

respectivamente. Realizan unha tres cursos e outra un para pedir traslado ao Instituto de Pontevedra. En Santiago sacan unha cualificación de notable alto e sobresaliente e licéncianse³³. Outra irmá delas inclínase polos estudos de Farmacia.

Entre as primeiras que acceden aos estudos de Ciencias está Antonia Avilés de Vega. Naceu en 1910 en Berrande, filla dun tenente de carabineiros. Realiza no Instituto os seis cursos acadando un notable de nota media. En Santiago é das primeiras en matricularse en 1924, pero so realiza un curso para solicitar traslado á Universidade de Murcia³⁴. Tamén ingresa nese ano Ester Puga Noguerol nacida en 1905 en Ourense e de pais comerciantes. En 1917 e con 12 anos ingresa no Instituto da cidade onde acada o título cun aprobado. Logo en Santiago permanece ata 1933 licenciándose coa cualificación de notable³⁵.

Figura 13..-Fotografía de Dona Patrocinio Armesto López. Licenciada en Ciencias Químicas en Santiago en 1927.



(FONTE: *La Región*, 22-6-1927)

³³ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 390/1 sig.1,2-22. A.H.U.S., *Expedientes personales*, Cartapacio 29.

³⁴ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes académicos*, caixa 390/1, sig. 1,2-20; A.H.U.S., *Expedientes personales*, cartapacio 89.

³⁵ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes académicos*, caixa 268. A.H.U.S., *Expedientes personales*, cartapacio 1134.

¿Qué prioridades hai segundo a condición socioeconómica?. A lectura que nos ofrece a figura 5 permite establecer varios grupos. Un deles comprendería as categorías sociais que teñen representatividade en catro facultades como son os empregados-funcionarios e comerciantes. Un segundo grupo formaríano os que teñen constancia en tres carreiras como son os liberais e labradores que están presentes na de Farmacia, Filosofía e Medicina e os comerciantes igual anque optan pola de Ciencias en vez de Medicina. O terceiro fórmano os artesáns e industriais que están presentes en dúas facultades. Os primeiros prefiren estudos de Farmacia e Ciencias e os segundos Farmacia e Filosofía e Letras. Como cuarto grupo estarían aquelas profesións que so destacan nunha facultade como é a militar que simplemente aparece na carreira de Farmacia.


Concretando máis diríase que de todas as matriculadas en Farmacia o 21,05% proceden de pais con ocupacións liberais, seguidas dun 15,7% de propietarios, un 10,5% de comerciantes, artesáns, labradores, militares e industriais e o 5,5% restante son fillas de empregados. Na facultade de Filosofía o 33,3% das matriculadas son fillas de funcionarios e/ou empregados, o 27,7% proceden de liberais, o 16,6 comerciantes, o 11,1 de propietarios e o 5,5% restante de labradores. En Ciencias son as fillas de propietarios e empregados as que máis se matriculan, cun 33,3%, o resto repártense entre descendentes de comerciantes e artesáns. Na de medicina o 60% son descendentes de funcionarios/emplegados, un 20% de liberais e outro 20% de labradores.

En resumo, é na facultade de Farmacia onde atopamos representadas todas as categorías profesionais. Na de Filosofía constan todas agás os militares. Na de Ciencias figuran catro categorías sociais que son os propietarios, comerciantes, empregados e artesáns. Na de Medicina hai tres categorías: liberais, empregados/funcionarios e labradores. En Dereito, os estudos nos que es produce unha matrícula máis tardía, so temos unha representante de pais comerciantes.

5.-Cursos nos que se matriculan:

Nestes tempos, que unha muller se matriculara na universidade, lugar onde non se consideraba propicio a súa entrada, supuña contar con importantes motivacións. Por iso, non é de estrañar que se produciran certos abandonos motivados polos escasos estímulos sociais, o distanciamento dos seus fogares, as dificultades que puideran entrañar os estudos, a perda de atractivo para moitas, etc. A figura 14 permítenos facer balance dos cursos que realizan estas mulleres para saber se acaban rematando ou non a carreira.

Figura 14- Representación da porcentaxe de mulleres que se matriculan por cursos nas facultades de Santiago. (1900-1940)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Tendo en conta que estes estudos tiñan distinta duración e particularmente a de Matrona comprendían dous anos, podemos asegurar que un 70% das matriculadas finalizaban os estudos e so aproximadamente un 20% abandoaba xa no primeiro curso ou segundo curso .

³⁶ A duración dos estudos universitarios foi variando segundo a época. Na Real Orde do 14 de outubro de 1824 establecíanse dúas categorías: as carreiras maiores e as menores, sendo estas últimas preliminares ás Facultades que se dicían maiores. A de Filosofía era unha carreira menor dunha duración de tres anos, nembargantes a de Dereito e Medicina serían maiores, a primeira cunha duración de sete anos e a segunda de seis. Finalizados estes estudos debían realizar exames de grao de bacharel, grao de licenciado ou grao de doutor. No Plan Pidal de 1845 hai certas modificacións en canto á duración das carreiras manténdose a separación entre estudos de Facultade Maior e Menor. Entre as Maiores estarían Teoloxía, Xurisprudencia, Medicina e Farmacia. As Menores, como introductorias das anteriores, serían a de Filosofía e Ciencias. A de Medicina e Xurisprudencia (Dereito) durarán sete anos e a de Farmacia cinco. A Facultade de Filosofía volvía ter carácter de facultade de tránsito, constaba de cinco cursos (a chamada Segunda ensinanza elemental) pero se se pretendía cursar logo Dereito, Teoloxía ou outra carreira maior, requiríanse dous anos máis, os chamados de Ampliación. Ao rematar os cinco primeiros obtíñase o título de bacharel ao concluír os de ampliación en Letras ou Ciencias podía conseguir o título de licenciado en Filosofía. No Plan de 1847 separábase definitivamente esta facultade da Segunda Ensinanza perfilándose a de Letras e Ciencias. Filosofía mantiña a posibilidade de conseguir o título cando despois de facer os cinco anos de bacharelato estudiábanse outros tres de licenciatura e Filosofía. Coa Lei Moyano en 1857 considéranse seis facultades: Filosofía e Letras, Ciencias, Farmacia, Medicina, Dereito e Teoloxía pero con distinto rango. Xa en 1928, co Real Decreto-Lei de maio, establécese o plan de estudos das Facultades e súa duración: catro anos para Filosofía e Ciencias, cinco para Dereito e Farmacia e sete para Medicina. Vid: MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA, *Historia de la Educación en España: De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*, Tomo II, M.E.C, Breviarios de Educación, Madrid, 1985; *Historia de la Educación en España: De la Restauración a la II República*, Tomo III, M.E.C., Breviarios de Educación, Madrid, 1989; BARREIRO, Xosé Ramón (coord.), *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña, 1998; AA.VV, *La Universidad de Santiago*, Universidad de Santiago, A Coruña, 1980.

Pero pódese observar que existen diferencias sociais nos abandonos que se producen. Das que rematan, o 47% proceden de pais comerciantes, o 28% de proxenitores con ocupacións liberais e o 19% de empregados. Pola contra so o 4% proceden do mundo labrego.

As claudicacións producíanse nos primeiros anos de ingreso, así despois do segundo curso soen realizalos as fillas de propietarios. A renuncia no terceiro ou cuarto fano as descendentes de profesións liberais, comerciantes e empregados.

Por facultades a figura 15 preséntanos o seguinte balance:

Figura 15. Cursos que realizan as alumnas por facultades .(1900-1940) (%)

	1 curso	2 cursos	3 cursos	4 cursos	5 cursos	6 cursos
Ciencias	50			25	12,5	12,5
Filosofía e L	23,8		9,5	42,8	23,8	
Farmacía	14,8	3,5	3,5	17,8	28,5	32,1
Medicina	33,3	33,3	22,2		11,1	
Dereito						100

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Todas as facultades sofren perda de alumnado anque, en xeral, a tendencia é a comparecencia continuada ata rematar os estudos. Por exemplo, a de Ciencias presenta un 50% de abandonos e un 50% de licenciadas. Na de Filosofía e Letras é o 66,6% as que realizan todos os cursos, na de Farmacia, que vai sufrindo unha progresiva perda de alumnado nos tres primeiros anos, é o 78,4% (sumando as porcentaxes que realizan de 4 a 6 anos). Das matriculadas en medicina hai que diferenciar aquelas que realizan os cursos de matrona que constaba de dous anos das que realizaban os estudos propiamente ditos. As matronas acadan a titulación, sexan estes estudos realizados en dous anos ou nun . Das alumnas de medicina, o 75%, realiza tres cursos, anque sabemos que continúan en Madrid, e o 25% obtén o título en Santiago . A alumna de Dereito chega a realizar os seus cursos de rigor anque salientamos que se trata dunha pontevedresa que tamén estivera vinculada algún curso ao Instituto da nosa provincia.

³⁷ Son un total de cinco mulleres as que realizan estudos de matrona. Destas, o 60% fan os dous cursos mentres que as restante fan a especialidade nun curso.


³⁸ En total son catro mulleres ourensás en medicina. Destas, tres rematan os estudos en Madrid e unha fáino en Santiago, trátase de María Luísa Fernández Cascallar que era natural de Pontevedra pero ligada a Ourense ao realizar parte do bacharelato no Instituto Otero Pedrayo.

6.-Modalidade da matrícula:

A opción de estudar por libre viña a supor un abaratamento do custe dos estudos e evitar a coeducación. Da lectura da figura 15 extraemos que era bastante normal que se realizaran algúns cursos por oficial e outros por libre³⁹. Normalmente, e segundo se puido apreciar polas fontes consultadas, son os primeiros cursos os que se soen realizar por libre e paulatinamente tenden ser realizados os últimos por oficial.

Pero un dato salientable é que mentres nos estudos secundarios predominaban as mulleres que os realizaban por libre no caso das universitarias prefiren realizalos por oficial.

Figura 16. Opción da matrícula das universitarias ourensás de Santiago. (1900-1940) (%)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Por status social, ao marxe das diferencias de número de matrículas, hai coincidencia na elección de estudos por oficial. E se cadra, a nota discordante a dean as fillas de propietarios que prefiren facer os estudos de forma libre e combinada.

Por facultades podemos é tal como amosa a figura 17.:

Figura 17.-Modalidade de matrícula das universitarias ourensás por facultades. (1900-1940) (%)

	Libre	Oficial	Combinada
Ciencias	50	25	25
Filosofía	10	85	5
Farmacía	9,09	72,72	18,18
Medicina	33,3	66,6	
Dereito		100	

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

En todas a opción oficial é a máis extendida, agás na de Ciencias onde as matriculadas escollen preferentemente a opción libre.


³⁹ Neste caso falaremos de opción combinada.

7.-Cualificacións:

Os Expedientes académicos son o resultado dun período escolar máis ou menos denso que permite valorar como foi ese proceso para os alumnos: se aprobaron ou non con folgura, se tiveron que realizar algún exame extraordinario, en que materias destacaba máis, etc., e a través del pódese deducir as capacidades do alumnado para superar as diferentes materias. Nesta época empregábanse os seguintes baremos: suspenso, aprobado, ben, notable e sobresaliente. Para saber as notas de cada alumna fíxose un cálculo da media nos sucesivos anos e nas diferentes materias.

Segundo puidemos constatar as cualificacións obtidas por estas mulleres soen estar maiormente entre o aprobado e o notable .

Figura 18. Cualificacións obtidas polas universitarias ourensás en Santiago. (1900-1940) (%)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

O 51% obteñen o aprobado, o 25% notable, o 13% sobresaliente, o 9 % sacan un ben e simplemente o 2% non acadan o aprobado. O nivel de éxito destas mulleres está moi por riba do que se producía nos estudos secundarios, pois isto vén a indicar que practicamente todas as universitarias ourensás remataban os estudos de forma positiva e obtendo, por conseguinte, o seu título.

¿Existe relación entre as cualificacións e a procedencia socioeconómica?. A figura 5 indícanos que as notas máis altas entre o notable e sobresaliente coinciden maiormente cos grupos sociais máis solventes: ocupacións liberais, comerciantes, militares e

empregados. Quedan os aprobados para as fillas de propietarios, labradores e artesáns, o que indica certa coherencia coa modalidade de matrícula, pois ao indicar que precisamente estas eran as que realizaban os cursos por libre cabe esperar que as cualificacións sexan inferiores polos propios condicionamentos que isto supón. ¿Cal é a tendencia nas diferentes facultades?, os resultados amósanse na figura 19:

Figura 19-Cualificacións obtidas polas alumnas nas diferentes facultades de Santiago. (1900-1940) (%)


	Aprobado	Ben	Notable	Sobresaliente	Suspense	Non presentado	Non consta
Ciencias	25		50				25
Filosofía	44,4	5,5	22,2	5,5		5,5	16,6
Farmacía	60,7	7,1	14,2		3,5	3,5	14,2
Medicina	11,1	11,1	11,1	66,6			
Dereito		100					

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

As matriculadas en Medicina-matrona son as que obteñen as mellores cualificacións xa que máis da maioría teñen de media sobresaliente. Na de Ciencias o 50% sacou notable. A alumna de Dereito está avaliada cunha media de ben. E as mulleres de Filosofía e Letras e Farmacia presentan unhas cualificacións inferiores sendo a maioría de aprobado.

8.-Obtención do título:

Do mesmo xeito que se fai mención das notas acadadas, outro aspecto a salientar é saber cantas obtiveron o título de licenciada o que responde a un resultado satisfactorio. Na mostra que estudiamos atopouse que un 64,7% das mulleres acadan o título e xunto ao 11,7 % das que solicitan certificado e traslado a outras universidades, e que cabe pensar que finalizarían os estudos, dá como resultado nun nivel de éxito importante, en torno ao 76,4%.

Figura 20. Obtención do título das universitarias ourensás de Santiago (1900-1940) (%)

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

O abandono nos estudos pode ter que ver coa condición socioeconómica. Acadar o título está en mans das universitarias dos grupos liberais e empregados mentres que as fillas de labradores, artesáns, militares, industriais non chegan a logralo. O Certificado de estudos, para trasladarse a outra Universidade e da que non temos información de se remataron os estudos, é solicitado polas descendentes de pais con ocupación de comerciantes e empregados, e en menor medida as procedentes de artesáns, labradores e ocupacións liberais. Por facultades é o que se representa na figura 21:

Figura 21. Obtención do título das universitarias ourensás por facultades. (1900-1940) (%)

	Licenciadas	Certificacións	Títulos	Non consta
Ciencias	33,3	22,2	44,4	
Filosofía	57,1	14,2	28,5	
Farmacía	78,5		21,4	
Medicina	22,2	22,2	55,5	
Dereito	100			

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)


Transcribiuse no cadro os datos tal como nolos ofrecían os Expedientes Académicos, é dicir, nestes aparecía Licenciada e/ou Título. Crese entender que tanto un como outro está a falar de mulleres que se titularon. Polo tanto, tendo en conta isto en todas as facultades hai un alto nivel de éxito. Na de Ciencias, Filosofía e Medicina é onde se producen Certificados de traslado a outras Facultades pero aínda así as que permanecen rematan con éxito os estudos.

9.-Idade de ingreso:

Se queremos saber a traxectoria destas mulleres un dato interesante a valorar é os anos de ingreso nas facultades. Isto permítemos saber se houbo continuidade cos estudos de secundaria ou , pola contra, houbo algún tipo de interrupción entre ambos os dous niveis o que suporía un período de reflexión previo.

A figura 22 constata que a incorporación destas é algo tardía, o que fai pensar nunha decisión sopesada e meditada, incluso cuns anos intermedios dende o remate dos estudos secundarios ata a matriculación nos estudos superiores. O 47% das mulleres realizan o ingreso entre os 17 e 20 (principalmente entre os 19 e 20 anos). Hai un 40% que o realiza superando xa os 20 anos (sobre todo entre os 24 e 25 anos), con casos excepcionais como os dunha muller que aos 39 anos realiza os estudos de matrona .

Figura 22. Idade de ingreso nas ourensás na Universidade de Santiago. (1900-1940) (%)



(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

¿Pode existir diferencias segundo a categoría social a que pertencen as mulleres?

As mulleres de procedencia social de propietarios e empregados son as que máis novas acceden á universidade. As fillas de profesións liberais tenden a incorporarse entre os 17 e máis de 20 anos; así como as descendentes de empregadas e labradores acceden xa cumpridos a vintena.

Vexamos a situación por facultades que nos é ofrecida na figura 23:

Figura 23.- Anos de ingreso das universitarias ourensás nas facultades de Santiago. (1900-1940) (%)

	14-15 anos	16-17 anos	18-19 anos	20-21 anos	22-23 anos	24-25 anos	Máis 26 anos
Ciencias	12,5	50	12,5		12,5	12,5	
Filosofía		26,3	42,1	26,5		5,2	
Farmacía	7,1	10,7	25	21,4	32,1	3,5	
Medicina		11,1	11,1	11,1	33,3	11,1	22,2
Dereito		100					

(FONTE: Elaboración propia a partir das fontes citadas na figura 3)

Hai vocacións tardías como a de medicina, dita facultade recibe o alumnado máis adulto, especialmente as que cursan estudos de Matrona que chegan a exceder os 25 anos. Pola contra, as facultades de Ciencias e Farmacia son as que reciben as alumnas máis novas

Difficil sería a decisión destas mulleres e grande o esforzo para entrar nunha dinámica que, sen dúbida estaba vindo da man da evolución de mentalidade do momento facendo fendas na omnipresente idea de reclusión da muller no ámbito doméstico. Ourense tamén chega a renderse contribuíndo cun nutrido grupo de mulleres que se desembarazan dos lastres sociais e condicionamentos diversos para ver cumpridas as súas expectativas. Este fenómeno non se lle escapaba á prensa ourensá que facía mención de destacadas mulleres que remataron os estudos universitarios con notable éxito:

“Conocida en Orense como Irenita Álvarez, entrevista a esta odontóloga. Sus estudios predilectos eran las Ciencias, concretamente las Ciencias Naturales y al terminar bachillerato hizo Universidad por esa rama. Hizo los estudios por libre haciendo el curso de preparatorio de Ciencias en una sola convocatoria. Despues se matriculó en oficial en la Facultad de Medicina en Santiago pasando luego a Madrid a cursar Odontología. Tenía buena relación con sus compañeros con los que hablaba y charlaba del tema. Pero además de tener la especialidad de Odontología tenía el Título de Maestra Nacional. Ahora ansía trabajar como odontóloga”⁴⁰.

⁴⁰ “Conversacion con la Señorita Alvarez Veras”, *La Zarpa*, 17 de Marzo de 1929.

Irene Álvarez Veras naceu en 1898 en Ourense, de pai empregado. Ingresou en 1917 no Instituto Otero Pedrayo onde realiza os seis cursos de bacharelato e obtén o título. En 1923, aos 25 anos, aparece rexistrada na facultade de Medicina onde realiza tres cursos coa nota de ben para trasladarse a Madrid⁴¹.

CONCLUSIÓNS:

-As primeiras universitarias ourensás do primeiro tercio de século XX proceden na súa maioría das categorías sociais privilexiadas (pais de ocupación liberal e funcionarios-empregados) e a medida que avanza os anos vanse incorporando outros sectores sociais froito da transformación que se está a vivir na provincia e capital de Ourense.

-A incorporación realízase timidamente a partir de 1915 e sobre todo de 1921, pero temos constancia de que dúas mulleres inscríbense na facultade de Medicina para realizar estudos de Matrona nos anos 1913 e 14, cremos que son as primeiras que acceden.

-Principalmente as mulleres universitarias ourensás proceden do partido xudicial de Ourense e concretamente da capital, polo tanto podémolo cualificar de fenómeno urbano.

-As carreiras escollidas son por ese orde: Farmacia, Filosofía e Letras, Ciencias, Medicina e finalmente Dereito, anque neste último caso facemos mención dunha muller que é natural de Vilagarcía pero estivo afincada en Ourense para realizar o Bacharelato.

-Non se produce un alto índice de abandonos, máis ben, podemos falar de éxito pois unha alta porcentaxe remata os estudos. As claudicacións prodúcense maiormente nas facultades de Ciencias e entre os grupos sociais máis baixos.

-A opción escollida para realizar os estudos é a oficial ou combinada, é dicir, uns cursos fanse por libre e outros por oficial.

-As cualificacións medias soen ser de aprobado pero tamén destacamos un 47% das alumnas que están entre o ben e sobresaliente. As mellores cualificacións corresponden ás fillas de liberais que obteñen sobresaliente e os funcionarios notable

⁴¹ ARQUIVO DO INSTITUTO OTERO PEDRAYO, *Expedientes Académicos*, caixa 390/1. A.H.U.S, *Expedientes Personales*, cartapacio 26.

-A idade de ingreso é maioritariamente a partir dos 19 anos. As idades de incorporación máis tardías prodúcense nos estudos de Matrona, neles as mulleres acceden superando os 25 anos. As mulleres máis novas, que proceden dos grupos de funcionarios, comerciantes e propietarios, teñen 16 anos.

-Dende o punto de vista social tampouco podemos salientar grandes diferencias e estas son sinxelamente anecdóticas. As matriculadas son na súa maioría fillas de pais con profesións liberais ou funcionarios e empregados. Así mesmo son as fillas destes as que menos renuncian ou abandonan e con frecuencia obteñen mellores cualificacións.